



**PARTIDO NACIONALISTA GALEGO  
PARTIDO GALEGUISTA.**

[WWW.PNG-PG.ORG](http://WWW.PNG-PG.ORG)

**NOTA DE PRENSA**

O Consello Político Nacional do PNG-PG, forza social-liberal integrada no BNG, vén de convocar o VIII Congreso Nacional que se se celebrará o vindeiro 25 de setembro en Ourense, baixo o lema "FACENDO UN PAÍS PARA TOD@S".

A tal efecto, o Consello Político Nacional nomeou unha comisión organizadora integrada por Xosé Mosquera, Rosendo Gonzalo Covelo e Xosé Lois Seara.

Entendemos que esta convocatoria ordinaria é absolutamente necesaria para contribuír ao debate encetado no nacionalismo galego para redefinir a súa liña estratéxica e os seus perfís políticos, na dirección de marcar unha distancia clara co revolucionarismo dos anos 60 do pasado século e coa sintonía cos Estados intrascendentes do século actual.

Deste xeito, dende o PNG-PG refirmámonos na nosa idea de afondar na conexión coa sociedade galega actual que entendemos, se atopa maioritariamente ubicada entre o liberalismo social e a social-democracia e que demanda insistentemente unha política pensada por e para as persoas, que sexa receptiva ás demandas sociais e que lidere responsablemente Galicia, con transparencia, ética e coherencia, o que necesariamente pasa por afondar no autogoberno e no afortalamiento dos nosos sinais de identidade.

Para calquera aclaración, sobre esta nota poden contactar coa comisión organizadora nos teléfonos 619183527 ou 605782894.